

manual de usuario

3ollos R móvil

Índice:

1	Como se utiliza o servizo?:	3
1 1	Usuario administrador.	3
1 1 1	Cuestións xerais.	3
1 1 2	Primeira vez na aplicación:.....	3
1 1 3	Como engadir dispositivos:.....	4
1 2	Usuario administrado	5
2	Como consultar a posición dun usuario.	5
3	Como crear regras.	6
4	Como crear lugares.	7

1 Como se utiliza o servizo?:

1 1 **Usuario administrador.**

1 1 1 **Cuestións xerais.**

O servizo 3ollos **R** móbil ten un usuario admistrador, que é o que dá de alta ao resto de usuarios e ten permisos. E tamén hai usuarios administrados, que son o resto de dispositivos que están conectados e localizados co servizo.



O usuario administrador accede ao servizo tras entrar na app con credenciais da web de **R** como titular ou como usuario delegado. A partir de aí:


- decide se quere compartir a súa localización.
- envía convites a outros usuarios administrados para que accedan á app.
- mira a localización doutros usuarios administrados que decidiran compartir a súa localización e a dos usuarios administrados.
- configura lugares, regras e avisos.
- recibe e envía alertas para que outros usuarios se poñan en contacto con el.

1 1 2 **Primeira vez na aplicación:**

A primeira vez que accedemos a 3ollos **R** móbil como administrador, debemos aceptar as condicións de uso. A partir de aí, debemos elixir un nome ou alias para identificar o noso dispositivo (por exemplo “móbil1”).

O menú tamén nos permite escoller se queremos ou non compartir a nosa localización con outros usuarios.


Por último, non aparecerá un asistente de regras, para establecer os avisos que queremos recibir na aplicación.



1 1 3 Como engadir dispositivos:

O usuario administrador, pulsando no lapis, xunto a “dispositivos xestionados”, pode engadir novos usuarios ou dispositivos. Na seguinte pantalla é necesario pulsar a icona +, e despois compartir con outro móbil (non é obrigatorio que sexa unha liña de móbilR) o código.

O código pódese compartir por correo, whatsapp ou outra aplicación.



1 2 Usuario administrado

O usuario administrado, recibe por parte del administrador un código para unirse o servizo.



Os permisos cos que conta son diferentes do administrador. Deste xeito:

- NON pode decidir se quere compartir a súa localización. Compartirá sempre.
- NON pode ver nin a súa localización, nin a doutros usuarios.
- NON pode enviar convites a outros dispositivos móbiles para acceder á app.
- NON pode configurar regras e avisos.
- SI pode recibir e enviar alertas para que outros usuarios se poñan en contacto con el.


2 Como consultar a posición dun usuario.

Esta funcionalidade só se pode facer tendo permisos como administrador.


Na pantalla principal temos os distintos usuarios localizados nun mapa. Premendo enriba de calquera delas, en “indicacións”, podemos establecer unha ruta con Google Maps para chegar xunto a eles.




Pinchando enriba do usuario, poderemos ter máis información, como a última localización rexistrada, a rede wifi onde o usuario está conectado ou o seu nivel de batería.



3 Como crear regras.

Se es administrador, pulsando sobre as tres liñas superiores da esquerda , podes configurar unha serie de regras. Grazas a estas regras, recibirás avisos sobre o que che interese coñecer.




Hai unha serie de regras xa configuradas, relacionadas cos dispositivos administrados. Podes recibir un aviso, por exemplo, cando un usuario entre ou saia do traballo ou da escola, cando volva a casa, etc.

Se algunha regra non che interesa, pódela desactivar e só terás notificacións daquelas que che interesen.




4 Como crear lugares.

Para as regras, é fundamental que teñas establecidos diferentes lugares de referencia. Desta forma, poderás recibir un aviso cada vez que un usuario entre ou saia dun sitio.


Se es administrador, pulsando sobre as tres liñas superiores da esquerda , podes crear os teus lugares. Abrirase o menú principal da aplicación para seleccionar “lugares”.



Verás as localizacións xa creadas. E, na parte inferior da pantalla, podes agregar un “novo lugar”. Entón, terás que escribir a dirección do novo lugar (coa rúa, o número e a localidade) ou ben usar a túa posición actual.



Unha vez indicado o lugar, podes fixar un radio de entre 100 e 2.500 metros. É dicir, as regras e avisos que recibas terán en conta a distancia que indiques con respecto ao lugar concreto que indicaches.



Por último, só che queda poñerlle un nome ao lugar indicado (por exemplo “casa”, “traballo”, “casa dos avós”,...) e marcar se queres recibir un aviso cada vez que algún dos dispositivos entre ou saia do lugar.

